

Un golpe baixo do Vaticano

Description

Hai moitos anos que dialogan a igrexa de Roma e a Igrexa de Inglaterra, no marco de iniciativas e organismos ecuménicos. Ese diálogo non é doado, pero até agora viña sendo respeitoso e recoñecedor das diferencias no que se podía. O mes pasado a impaciencia do Papa, secundada pola dilixencia do seu sucesor no Santo Oficio, o Cardeal Levada, impulsouno a disparar unha constitución apostólica que abre a porta aos cregos anglicanos que se sintan incómodos coa ordenación das mulleres e outras novidades da disciplina desa igrexa e queren "emigrar" á romana. Saíndose de todos os precedentes, o Vaticano non informou ao Arcebispo de Canterbury desa medida até a antevéspera.

O xesto pontificio ten siñificación para alén das cuestións eclesiásticas- A Igrexa de Inglaterra foi sempre unha "igreja ampla" na que caben diferencias importantes, das que a máis básica é a que existe entre o sector máis apegado á tradición común anterior á Reforma e o sector máis "protestante", que é o evanxélico. Esa coexistencia criou un clima de liberdade e diálogo, no que foi e sigue sendo importante a forte participación do laicado no Sínodo, organismo cuasiparlamentar de goberno.

O feito de que a partires de 1688 a Igrexa de Inglaterra convivise cun réxime democrático nunha historia de mutua adaptación foi decisivo para a configuración da democracia no Reino Unido. O proceso de erosión do absolutismo político non bateu, como no continente, coa intolerancia agresiva de Roma. Quen estude e talvez admire o sistema político de Inglaterra non debe descoñecer que ese sistema foise criando como distanciamento do modelo católico-romano de sumisión incondicional á autoridade.

Benedicto XVI pensa que a secularización da sociedade pide unha resposta autoritaria, un retroceso á seguridade das consciencias que abdican da autonomía e descansan na autoridade omnímoda e omnipotente. Non faltan ningures espíritos que debecen por esa tranquilidade. O Papa préstase a ofrecerlles un reducto fortificado. Os que se refuxian nele son os menos dispostos á convivencia con ninguén que non pense exactamente o que eles pensan, que é o que lles mandan pensar. Ao mesmo tempo que o Vaticano lles abre as portas aos seguidores de Lefebvre na Sociedade de Pio X, ábrellas tamén aos cregos máis reaccionarios da Igrexa Anglicana. Tanto que pensa deixarlles que sigan casados, a diferenza dos católicos que tiveron que cesar no seu cometido pastoral para poder casar.

Non é unha cuestión de sacristías nin debe deixar indiferentes aos que non sexan cristiáns. O autoritarismo romano toca cuestións que afectan a toda a humanidade. Neste caso, dalle azos moi especialmente á misoxinia.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Outros [ARQUIVO](#)

IDIOMA

Galego

Date Created

Novembro 5, 2009

Meta Fields

Autoria : 10041

Datapublicacion : 2009-11-05 00:00:00